



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2015

Ás 9.32 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa Orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia María Dolores Candedo Gunturiz, Manuel Casteleiro Maldonado, Manuel-Reyes García Hurtado, María Inés Pernas Alonso e María José Martínez.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa da realización dunha CRUE o pasado 12 de xaneiro, onde se tratou a situación creada pola intención do Ministerio de seguir tramitando o Real decreto de titulacións (3+2). A pesar dos informes contrarios do Consejo de Universidades e do Consejo de Estado (do 15 de xaneiro, pero aínda sen publicar), todo apunta que o Ministerio vai enviar este venres o Real decreto ao Consello de Ministros, polo que se convocou unha reunión urxente da CRUE o vindeiro día 2, de cara a solicitarlle ao Goberno unha moratoria da aplicación deste Real decreto.

Tamén informa do comezo do ciclo de conferencias “A Universidade Posible”, cuxa primeira sesión terá lugar o vindeiro día 4 de febreiro na Facultade de Ciencias, a cargo de Federico Mayor Zaragoza. A segunda conferencia será no campus de Ferrol, a cargo de Xavier Grau. Están convidados todos os membros da comunidade universitaria.

Tamén informa de que en vindeiras datas será convocada a Mesa do Claustro para proceder á convocatoria de Claustro, probablemente o 25 de marzo, e á convocatoria de elección do valedor universitario. Nesta sesión do Claustro escollerase valedor, e renovarase a Mesa do Claustro, a Comisión Electoral Central e a representación do Claustro no Consello de Goberno.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, do procedemento interno na UDC para a convocatoria de recursos humanos (Ramón y Cajal,



Juan de la Cierva e Técnicos de Apoio) do MINECO e a convocatoria da Xunta de Galicia de axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015.

Informa tamén da publicación das convocatorias do MINECO de “ayudas para la promoción de empleo joven e implantación de la Garantía Juvenil en I+D+i 2014” e “Retos-Colaboración 2015” e da publicación da listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas na convocatoria de axudas posdoutorais da Xunta de Galicia.

Por último, o vicerreitor dá conta da adxudicación de espazos no viveiro de empresas e da publicación da convocatoria de axudas á investigación da UDC 2015.

O **vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa da posta en marcha da Sede Electrónica da UDC o pasado 15 de xaneiro, que permite xa contar coa aplicación de rexistro electrónico. Durante este ano incorporaranse progresivamente procedementos que se tramitan de xeito electrónico. Hoxe mesmo fíxose a primeira publicación no Taboleiro Electrónico Oficial, en concreto dunha convocatoria de PDI. Hoxe mesmo tamén hai prevista unha reunión na Xunta de Galicia, para avaliar o número de estudantes matriculados nos mestrados para definir a oferta do próximo curso 2015/2016.

O **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** informa da reunión que tivo lugar o pasado día 14 de xaneiro coa Secretaría Xeral de Universidades e a Dirección Xeral de Orzamentos e Planificación da Xunta de Galicia, de cara a elaborar un procedemento de contratación temporal de PDI. Estase a negociar un borrador, que chegou onte mesmo. Destaca o vicerreitor outros temas desta reunión, en concreto a interpretación da Xunta verbo da taxa de reposición do 50%, en que a Administración xeral do Estado inseriu un 15% básico reservado ás figuras do programa Ramón y Cajal. A Xunta interpreta que, se non hai investigadores do Programa Ramón y Cajal con acreditación I3, esa cota pódese cubrir con outras figuras até o tope do 50%. Neste sentido camiña a nosa proposta de oferta de emprego público, que hoxe se somete á aprobación do Consello de Goberno. O vicerreitor comenta tamén a interpretación do informe que rendeu o Ministerio de Facenda respecto das figuras temporais de PDI, en particular os contratados doutores interinos e contratados interinos de substitución. Na Xunta parece que queren flexibilizar a interpretación excesivamente rigorista do Ministerio.



A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa de que o pasado día 14 de xaneiro tivo lugar en San Caetano unha reunión da Comisión de Seguimento do Plan de Financiamento do SUG, por solicitude da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e a UDC para pronunciarse sobre o requirimento presentado pola UDC de 2,8 millóns asociado á repartición estrutural. A Comisión avalou as contas presentadas pola Secretaría Xeral de Universidades e perpetuou o criterio para 2015, polo que a UDC decidiu seguir adiante co contencioso presentado os primeiros días de ano.

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa da publicación, con data do 20 de xaneiro, da convocatoria de prazas de mobilidade internacional para estudantes para o curso 2015/2016: Erasmus+ e Bilateral.

Esta convocatoria responde ao esquema habitual das axudas que xestionan as universidades do programa Erasmus+. Publícase tamén a convocatoria de axudas do programa bilateral (totalmente financiado pola UDC), que este ano incrementa o orzamento ata 70 000 euros, para tentar dar soporte real ás peticións de mobilidades en universidades de fóra do espazo Erasmus, cada vez máis numerosas e atractivas.

A **vice-reitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informa de que no mes de decembro tivo lugar a 1.^a reunión da “Comisión para a Elaboración e Seguimento do Plan de Igualdade”. Nela fíxose un balance das accións desenvolvidas respecto dos cinco eixos que recolle o Plan de Igualdade entre mulleres e homes da UDC. Por proposta da directora da OIX, a Comisión acordou nomear como representantes do alumnado na “comisión encargada da aplicación do Protocolo para a prevención e protección fronte ao acoso sexual” dúas alumnas que colaboran coa Oficina para a Igualdade de Xénero e teñen formación e experiencia en temas de xénero; Elena Varela Molina, alumna do Grao en Terapia Ocupacional e Alba Queija Pérez, alumna do Grao de Enxeñaría en Deseño Industrial.

Dentro dos actos conmemorativos do 25 aniversario da UDC, o pasado día 11 deste mes de xaneiro tivo lugar en Ferrol a XXXII (trixésimo segunda) Carreira Popular San Xiao – UDC 25, organizada conxuntamente entre a Universidade e o Concello de Ferrol. Participaron mais de 1500 persoas e cómpre destacar que foi a primeira carreira popular que incluíu dúas categorías específicas para persoas con diversidade funcional: en cadeira de rodas de competición e con discapacidade visual.



O **xerente** informa en primeiro lugar de que se recibiu comunicación do acordo do 20 de xaneiro actual entre CIG, CC.OO., CSI-F e UXT para o establecemento dun calendario de eleccións sindicais nas universidades galegas, que ten como data de constitución de mesas o vindeiro 6 de marzo e de votación o 6 de maio.

Por outra parte, cómpre informar da actual situación de tesouraría, que vén presentando tensións relevantes desde decembro de 2014 con motivo, principalmente, da falta de transferencia por parte da Xunta de Galicia de fondos correspondentes ao PFSUG, o que está a producir lóxicas queixas por parte de provedores. Así, a 31.12.2014 a débeda con provedores ascendía a 6 250 000 €. Na data actual, esta débeda reduciuse a 2 770 000 €, unha vez dada a orde de pagamento da nómina do presente mes de xaneiro, que inclúe a devolución de 2/3 da parte devindicada da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012, de conformidade cos compromisos acadados o 18 de novembro do 2014 cos representantes dos traballadores.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 19 de decembro de 2014

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 19 de decembro.

Ernesto Vázquez-Rey Farto solicita que se transcriba correctamente a orde dos seus apelidos.

O profesor Castedo solicita explicacións sobre a publicación dun resumo do Consello de Goberno sen que se aprobe a acta previamente. Considera que só se deben recoller os acordos e o informe do reitor, pero non as intervencións dos membros do Consello de Goberno, sen que previamente se someta a acta a aprobación. Comeza un debate sobre o alcance do artigo 17.5 do Regulamento do Consello de Goberno e a necesidade de informar con transparencia a comunidade universitaria.

Tras o anterior, a acta é aprobada por asentimento.



3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en dous (2) convenios marco, nove convenios específicos (9), e trinta e oito convenios para prácticas (38) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Acordo sobre modificación parcial do Regulamento de mobilidade internacional dos estudantes da UDC

O reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación, que explica a proposta de reforma do Regulamento de mobilidade internacional, que contén algunhas variacións a respecto da anterior versión, aprobada por este Consello en 2012.

As modificacións que se propoñen obedecen, en xeral, á necesidade de adecuar o Regulamento á nova realidade do programa Erasmus+ (vixente desde 2014) que supuxo novas regras procedementais que deben ser recollidas nesta norma xeral da UDC. Tamén se aproveita para homologar a situación –ao nivel de requisitos lingüísticos– dos estudantes de libre mobilidade e dos de intercambio, cambio requirido polos propios estudantes en numerosas ocasións, e debatido e aprobado na última Comisión de Relacións Internacionais.

Sen producirse intervencións, o punto apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IV** á acta da sesión.

5. Acordo sobre adaptación do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da UDC

En ausencia da vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura, o secretario xeral defende a proposta, indicando que se trata de adaptar puntualmente o noso regulamento de prácticas académicas externas, aprobado en abril de 2013, ás modificacións introducidas pola norma básica aprobada polo goberno, o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, que entrou en vigor o 31 de xullo.



Tras a exposición do secretario xeral, ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o profesor Luis Hervella para solicitar aclaración sobre o tema da alta na Seguridade Social. O secretario xeral aclara que, neste complexo punto, o noso regulamento está redactado de maneira neutra, que se remite ao que estableza a Administración xeral do Estado e o propio Real decreto 592/2014.

Tamén intervén o profesor Moisés Canle para facer notar que o artigo 12 abre a porta a que se permita o traballo por conta allea na empresa aos estudantes que realizan prácticas, polo que solicita que se valore mellor este punto. Orixínase un debate sobre o alcance da proposta, en que tamén se discute o carácter remunerado ou non das prácticas externas.

Á vista do debate, retírase a proposta para unha avaliación do previsto no artigo 12.

6. Proposta de modificación das normativas específicas dos programas de simultaneidade de estudos aprobados por Consello de Goberno para a súa adaptación ás Normas de permanencia aprobadas polo Consello Social

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para expor o punto.

As normas de permanencia remiten, nos casos de simultaneidade de estudos, aos convenios ou programas que os regulan. O vicerreitor defende esta modificación para incluír nos programas de simultaneidade as normas de permanencia adaptadas.

Apróbbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo V**

7. Proposta de modificación da Normativa específica que regula o programa de simultaneidade dos estudos do Grao en Bioloxía e Grao en Química

Continúa coa palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, para expor a proposta de modificación deste programa de simultaneidade, que foi impulsada polo propio centro, que regula o momento en que se pode instar a simultaneidade por parte dos estudantes.



Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo VI**

8. Proposta de modificación da normativa reguladora da matrícula e a defensa do Traballo de Fin de Grao (TFG) e do Traballo de Fin de Mestrado (TFM)

O vicerreitor de Títulos explica as modificacións solicitadas da normativa reguladora da matrícula e a defensa dos TFG e TFM. Este curso pasado foi o primeiro en que se fixeron de forma masiva TFG. As disfuncións detectadas no proceso de defensa aconsellan introducir certas posibilidades de cara á defensa do TFG e TFM, que se recollen na proposta, e que o vicerreitor desenvolve.

Intervén Manuel Graña para solicitar aclaración sobre unha hipótese no caso dos programas de mobilidade. Contesta o vicerreitor.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo VII**.

9. Modificación das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitarios

O vicerreitor de títulos explica o alcance da modificación proposta. O proceso de reclamación para os TFM e TFG era inadecuado, polo que se incorpora un proceso específico para estes traballos. Tamén se incorpora como forma oficial de publicitar e comunicar as cualificacións a través da Secretaría Virtual, sen prexuízo doutras modalidades de comunicación.

Gonzalo Faya intervén para sinalar que esta é a terceira modificación das normas. Considera inútil a modificación das canles de publicación na Secretaría Virtual, porque os profesores non cumpren con esta normativa. Solicita saber que se vai facer para que se cumpra.

O profesor Daniel Pena comenta que, dado que os departamentos cada vez teñen menos funcións, quizais habería que reflexionar sobre a súa supresión.

A profesora Ana Iglesias considera que a reforma vai aclarar a aplicación das normas sobre reclamacións nos casos das cualificacións dos TFG e TFM. Respecto do artigo 29.1, propón unha redacción máis clara, que se refira á revisión das cualificacións “definitivas”. En relación ao artigo 31.1,



propón tamén unha solución similar. Na alínea 3 do artigo 31, solicita que se incorpore a “comisión académica” ou equivalente.

Fernando Agrasar solicítalle a Gonzalo Faya aclaración sobre en que titulacións ou centros os profesores incumpren xeralmente a obriga de comunicar as cualificacións.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías comeza a súa réplica solicitando que lle notifique calquera incumprimento das normas, para instar á aplicación da normativa. A respecto do comentado polo profesor Pena, sinala que os departamentos seguen informando as reclamacións de materias normais. Acepta a proposta da profesora Iglesias Galdo respecto do artigo 29.1, e respecto da actuación das comisións académicas dos títulos, en tanto que actúan como comisión académica deben ser reguladas polo regulamento da Facultade e enmarcarse na redacción actual da norma.

Acórdase modificar as normas de avaliación e autorizar o vicerreitor para refundir o texto vixente destas, nos termos previstos na proposta que se incorpora como **anexo VIII** á acta deste Consello de Goberno.

10. Proposta de cambios de dedicación para o curso académico 2014/2015

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a modificación da dedicación (P03 a P06) da praza de profesora interina de substitución da Área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación, ocupada por Nuria Rebollo Quintela, por necesidades docentes do segundo cuatrimestre.

Tamén se solicita o aumento de dedicación de P05 a P06 para o profesor Gustavo Robleda Prieto, da Área de Expresión Gráfica Arquitectónica, por necesidades docentes do segundo cuatrimestre.

Por último, solicita aumentar a dedicación da praza de asociado de Carlos Enrique Rodríguez Sánchez, da Área de Economía Financeira e Contabilidade, que pasaría de P05 a P06 por causa da renuncia do profesor asociado P03 Álvaro Valentín García Diéguez.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IX**



11. Memorias e informes dos anos sabáticos do curso académico 2013/2014

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente expón as memorias e os informes presentados polos profesores e profesoras que gozaron dun ano sabático durante o curso 2013-2014: Javier Cudeiro Mazaira, Manuel Fernández Ferreiro, Luis González García, Plácido Lizancos Mora, Teresa López Fernández, Rafael Martín Acero, Alicia Gloria Riso e Begoña Simal González.

Sen producirse intervencións, apróbanse por asentimento e incorpóranse como **Anexo X**

12. Proposta de autorización de licenzas

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita licenza para unha estadía de catro meses (do 15 de febreiro ao 15 de xuño) do profesor contratado doutor Juan Luis Montero Fenollós, da Área de Historia Antiga, na Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa.

A proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XI** á presente acta.

13. Proposta de procedemento para a elaboración do POD para o curso 2015/2016

Como todos os anos nesta altura, o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente achega para a súa aprobación polo Consello de Goberno, o procedemento para a elaboración do POD para o vindeiro curso académico. Nesta ocasión, sinala como novidades a relativa á política de profesorado para o seguinte curso (aspecto relacionado co seguinte punto da orde do día), os criterios para cubrir as titorías por parte do profesorado (dividindo en tres períodos) e unha terceira parte relativa aos cambios de dedicación de profesorado.

Tras a anterior exposición, ábrese unha quenda de intervencións.

O profesor Luis Castedo solicita aclaración sobre a figura de contratados interinos de substitución. Procede ou non procede? O vicerreitor comenta que a nosa postura é interpretar que cabe a figura de contratación de



interinos de substitución porque está no Decreto de 2002 sobre PDI contratado, por iso se seguen a manter.

Ana Iglesias comenta a asignación de traballos de titorización de TFG. Considera que debería priorizarse como materia anual para que computara xa no primeiro cuadrimestre. O vicerreitor admite a suxestión. A profesora Lorenzo Modia solicita corrixir “perfeccionar” nese mesmo parágrafo comentado por Ana Iglesias.

Ernesto Vázquez-Rey Farto comenta a moratoria de contratación de profesores eméritos, que lle parece necesaria.

Tras este debate, apróbase o punto por asentimento e incorpórase como **anexo XII**.

14. Proposta de oferta de emprego público para o ano 2013 e 2015

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, co acordo favorable da COAP e da mesa sindical, solicita unha oferta de emprego público de dúas prazas de titular de universidade correspondentes ao ano 2013 (taxa de reposición de efectivos do 10%) e de oito prazas correspondentes ao ano 2015 (taxa de reposición de efectivos do 50%). Destas oito prazas, dúas serían para cátedras de universidade e seis para prazas de contratado/a doutor/a.

A oferta de emprego público ten que se someter á aprobación da Comunidade Autónoma.

Ábrese unha quenda de intervención tras a defensa do punto por parte do vicerreitor.

Ignasi Colominas pregunta os datos de TU e CU acreditados para coñecer as expectativas de promoción. 35 acreditados a CU. 52 acreditados a TU, dos cales hai dous interinos. 71 CD.

Moisés Canle dálle os parabéns ao vicerreitor por se basear na convocatoria da UNED, que permitirá sacar dúas prazas de TU.

Luis Castedo considera que as 6 prazas para CD son insuficientes. O vicerreitor concorda, e matiza que estabilizar todos os que rematan contrato é imposible a día de hoxe.



Daniel Pena pregunta que prazas de funcionarios constan con aprobación do Consello de Goberno. O vicerreitor contesta que 9 CU e unha TU.

Luis Hervella pregunta que criterios se van utilizar para estabilizar o persoal. Tamén pregunta porque se opta por sacar dúas cátedras, en vez de priorizar a estabilización doutros dous contratados. O vicerreitor engade que para salvar o problema, a proposta é transformar CIS en axudantes ou en axudantes doutores para que teñan unha perspectiva de estabilización a medio prazo. Aclara que as dúas TU de taxa de reposición están reservadas para as dúas prazas da Facultade de Ciencias para o caso de que a casación perante o Tribunal Supremo lles sexa desfavorable. Respecto dos criterios de estabilización, aclara que non están adoptados.

Luis Hervella vota en contra da proposta, por considerar que había que estabilizar os axudantes doutores que rematan contrato, en vez de sacar dúas cátedras de universidade.

Xurxo Dopico comenta posibles criterios que se poden adoptar para a dotación de prazas, sinalando en especial a existencia de áreas sen cátedras.

Tras o anterior debate, apróbase por asentimento, co voto en contra do profesor Luis Hervella, e incorpórase como **anexo XIII**

15. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Daniel Pena Agras reflexiona sobre as bolsas dos estudantes en prácticas, situando o problema no ámbito das enxeñarías, e de Navantia. Hai estudantes que traballan para Navantia, e habería que darlles a posibilidade de faceren as prácticas na súa empresa, partindo da responsabilidade dos titores profesionais. Tamén considera que a remuneración é posible, e debe deixarse marxe para que, nos casos con tradición, se manteña a remuneración. O reitor aproveita para comentar que a modificación do artigo 12 do Regulamento de prácticas só modifica a referencia ao Real decreto, pero non modifica o que xa estaba en vigor. O profesor Pena solicita tamén estudar unha modificación das normas de compensación, que considera que está funcionando mal, e dá lugar a prácticas non desexables.

Ernesto Vázquez-Rey Farto quere deixar constancia de que os estudantes van publicar un comunicado contra a reestruturación dos títulos universitarios. En segundo lugar, sinala que Reprografías do Noroeste está



a explotar a imaxe corporativa da UDC e na tenda virtual non ten *merchandising*, por exemplo sobre os 25 anos. Solicita que se revise a concesión desta empresa.

Ignasi Colominas lembra, en primeiro lugar, que hai unhas semanas solicitou a revisión da normativa sobre compensación. Tamén pregunta sobre o comezo das obras no CITEEC.

Rosa Meijide pon de manifesto que os calendarios de exames son draconianos. E solicita que, se temos que cambiar os plans de estudos, vaíamos a materias anuais, para que os períodos de exames se reordenen.

O xerente replica que revisaremos as cláusulas do contrato da empresa de reprografía, para comprobar se se está explotando incorrectamente a imaxe corporativa.

A vicerreitora de Planificación Económica comenta que as obras deberían ter comezado o 12 de decembro. Porén, o Concello aínda non concedeu a licenza solicitada hai xa un ano. O Concello atrasou moito a remisión do expediente a AESA (servidume aeronáutica) cuxo informe é preceptivo. Na actualidade, parece que o informe vai saír nos vindeiros quince días. Estase en contacto coa adxudicataria da obra para que, en canto haxa licenza, entren xa a executala.

O reitor considera que a adaptación das titulacións ao EEES foi a acordada polos centros. A estrutura docente adoptada foi, xeneralizadamente, a cuadrimestral, con maior peso da avaliación continua. Os exames seguen aí, pero deben ter menor peso na nota que antano, de modo que a praxe docente ten que ir camiñando nese sentido.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:46 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito